



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se ditan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, DECLARA:

Que esta Secretaría xeral de Universidades da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o protocolo arriba referido.

Que o citado instrumento ten por obxecto establecer o compromiso entre a Consellería e a USC para establecer un plan trienal de lanzamento da Área de Matemáticas.

Este protocolo desenvolverase cun convenio baseado na singularidade da Área de Matemáticas da USC e na necesidade de manter a súa posición de privilexio e, na medida do posible, potenciala.

O futuro convenio establecerá a necesidade da sustentabilidade da produción científica e dunha oferta de calidade para a formación de investigadores, concretará a aposta por incrementar a calidade da acción investigadora, potenciará o valor instrumental das matemáticas como disciplina instrumental necesaria noutros ámbitos do saber e afondará nas relacións co tecido empresarial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o protocolo que se pretende asinar ten interese público xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da CONSELLERÍA, coordinar as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión...

As actuacións previstas no protocolo potencia a racionalización do mapa universitario, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación e agrupacións estratéxicas do Sistema Universitario de Galicia. Polo tanto, non é necesario promover a concorrència competitiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do protocolo que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela a vinte e dous de setembro de dos mil dezaseis.

(asinado dixitalmente)

